# RECOMENDACIÓNS “FRESQUIÑAS” DE LECTURAS PARA VERÁN 2024

Biblioteca A Esperela

ex libris

IES O MOSTEIRÓN

Dende A Esperela, neste verán de 2024 queremos recomendarvos unha serie de lecturas que están nos nosos fondos.

# GALEGO




Jimmy e está a vivir unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! Todos os adultos da súa cidade de Vilacú convertéronse en zombis, pero non os zombis carnívoros como os que ves nas películas devorando cerebros. Estes zombis son VACAS! Literalmente! Todo o mundo anda bruando e babando por aí adiante sen control ningún! E se a súa baba chega a ti... Non queiras nin imaxinar o que é vivir coma a protagonista dun Tetra Brik de leite!
Tolo, eh? Afortunadamente, os seus amigos e mais el teñen un plan para atopar unha cura.




Que estraña misión trae un extraterrestre deica o noso planeta? Que sucede cando se mantén unha estarrecedora relación cun fantasma? Que segredo garda unha misteriosa pedra atopada na area dunha praia? Estas son algunhas das preguntas que fixeron nacer os relatos deste libro de Agustín Fernández Paz. Rapazas, un dos clásicos da nosa literatura para adolescentes, recolle seis historias moi diversas, pero cun fío común: todas elas teñen unha rapaza como protagonista.




Este  cómic rescata a historia de Irene González Basanta, unha coruñesa que xogou ao fútbol nos anos vinte do pasado século.Tal e como sinala Óscar Losada, o de Irene González é un caso único no mundo. Na década dos vinte do século pasado foi a primeira rapaza que rompeu barreiras no fútbol, ao se converter na porteira e capitá do equipo masculino coruñés ao que deu nme: o Irene F.C. As crónicas deportivas da época destácana como boa porteira e sinalan que os penaltis sempre os tiraba ela.




Christopher coñece as capitais de todos os países do mundo, pode explicar a teoría da relatividade e recitar os números primos ata o 7.507, pero cústalle relacionarse con outros seres humanos. Gústanlle as listas, os esquemas e a verdade, pero odia o amarelo, o marrón e o contacto físico. Aínda que nunca foi só máis aló da tenda da esquina, a noite que o can dunha veciña aparece atravesado por un horcón, Christopher decide iniciar a procura do culpable.

Emulando ao seu admirado Sherlock Holmes -o modelo de detective obsesionado coa análise dos feitos-, as súas pescudas levarano a cuestionar o sentido común dos adultos que o rodean.




Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) foi unha escritora, docente e violinista galega, homenaxeada neste ano 2024 co Día das Letras Galegas. Unha intelectual poliédrica que traballou en distintos campos, e en todos ben: poesía, teatro, narrativa, ensaio, música e colaboradora habitual en xornais e revistas. Foi unha muller feminista, ecoloxista e amante da nosa lingua, comprometida cos movementos sociais e culturais como a Festa da Palabra Silenciada e Burla Negra, e formou parte da Mesa pola Normalización Lingüística e da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega.




Nun tempo imaxinario na Galiza, houbo un rei que tivo fama de nobre, xusto e de bon corazón. Durante o seu reinado, nada faltou ás xentes. Este rei chamábase Arturo e tivo dous fillos, Afonso e Pedro. O monarca non quería decidir quen dos infantes o sucedería no trono, así que chamou o seu máis fiel confidente, o sabio Merlín, quen axudou a dar solución. Fixéronse dúas chaves idénticas, unha de ouro e outra de ferro, que o propio rei entregou aos seus fillos. Ambas as dúas abrían as portas do reino, mais só a primeira traería a fortura. Esta é unha historia de amor, de traizón, de xustiza, de loita e de futuro, o noso futuro.




A POESÍA non morde. E, aínda que haxa quen pense o contrario, non é aburrida, romanticona nin difícil. Esta divertida antoloxía poética demostra o contrario. De Rosalía de Castro ás poetas novas, propoñémosche unha viaxe polos poemas máis próximos, divertidos e desenfadados da poesía galega. Poetízate é un libro pensado para as persoas que non están afeitas a ler poesía. ¿Para que? Para cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, rebelarse contra o mundo ou só para falar suave na orella. Este é un libro para sentir, gozar e intuír a poesía. O corpus de «Poetízate» percorre toda a poesía galega desde Rosalía de Castro até a actualidade e consta de arredor de 200 poemas seleccionados de perto de 80 autoras e autores.




Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Así comeza o libro máis lido e traducido da literatura galega. Unha das obras que fundan a nosa narrativa contemporánea e que agora se presenta por vez primeira nunha adaptación gráfica. Iria Aldegunde, con mestría e sensibilidade, pon en imaxes ese mundo que Balbino contempla ao seu redor cos ollos moi abertos e que adoece por entender, pois, como el afirma, vimos ao mundo cunha alforxa de preguntas. Nesta novela gráfica atoparedes moitas desas respostas.




*Aqueles irmáns pensaban que o verán ía ser igual de monótono e gris que sempre.*

*Mais por unha serie de casualidades van ter que investigar un misterio que todos coidaban esquecido... como a vila que descansa debaixo das augas do encoro.*

*Durante séculos aquela vila anegada tivo os seus (terribles) segredos ben gardados. Mais agora van saír á luz...*




Tras a morte da súa nai, Cecilia, unha adolescente de dezaseis anos, non sabe como convivir coa dor. Por se non fose pouco, unha pandemia, un cambio de casa, a precariedade e a incomunicación coa súa tía avoa énchena de rabia ante o mundo que a rodea. Cando a cousa parece que xa non podería empeorar máis, atópase co boxeo. Grazas a este deporte e a unha serie de persoas que a acompañarán, Cecilia atopa a confianza nas propias forzas para buscar unha vida plena, para atopar o seu lugar seguro. "Furia" non é só a historia dunha moza que se enfronta á perda e á dor, senón unha reflexión sobre os afectos e o valor verdadeiro, un canto de amor ao boxeo e unha constatación da importancia de termos sempre alguén na nosa esquina que nos guíe á hora de evitar os golpes eludibles e nos acompañe para encaixar os inevitables.

# CASTELLANO




Un clásico en formato Manga: los hermanos Marilla y Matthew Cuthbert planean adoptar a un joven huérfano para que les eche una mano con las tareas de la granja en Tejas Verdes. Sin embargo, debido a un inesperado error en lugar del joven acordado llega Ana Shirley, una chica pelirroja con una imaginación desbordante que acabará conquistando a los Cuthbert y al resto de ciudadanos de la Isla del Príncipe Eduardo.




Xenia lucha por sacar las mejores notas, impulsada por la ilusión de entrar en Medicina, pero últimamente su rendimiento está bajando. Y es que Xenia se ha enamorado, aunque no de un chico de su entorno, sino de un fantasma, de una voz surgida de Internet con la que comparte su pasión por la lectura. Como Xenia es decidida y su amor virtual se niega a una cita, se propone sorprenderlo, de modo que inicia sus averiguaciones con los pocos datos de que dispone. Y todo resulta ser falso, una mentira, ni la foto ni el nombre son reales. ¿Quién es en realidad su alma gemela?




Desde que Internet ha puesto el porno al alcance de todo el mundo, el primer contacto con él se da a una edad cada vez más temprana y su consumo en la adolescencia se ha disparado. En este libro te explicamos cinco razones por las que el porno no mola y te ofrecemos herramientas para que no se convierta en tu educador sexual.

Un libro imprescindible para que entiendas cómo te afectará ver porno y puedas tomar tus propias decisiones.




El poder de la palabras y la música contra la guerra y la traición.

Malkiel está a punto de cumplir dieciséis años y lo único que desea es salir de palacio y buscar respuestas a un oscuro enigma del pasado. Pero el reino de las Tres Lunas ya no es un lugar apacible y seguro. El rey Olav ha cedido el poder al gran inquisidor Alcestes, que ha prohibido la libertad de expresión y las artes. El futuro del reino está en juego y solo los juglares podrán impedir que la traición triunfe.




El amor algunas veces es tan complicado como impredecible. Pero al final lo que más valoramos son los detalles más simples, los más bonitos, los que llegan sin avisar. Y a la hora de escribir sobre sentimientos, no hay nada más limpio que hacerlo desde el corazón. Y eso hace **Defreds** en este libro.




Imogen necesita alejarse de la persona que ha roto su corazón y de una familia que piensa que no es capaz de cuidarse por sí sola, desea comenzar de cero. El problema es que no sabe cómo hacerlo porque se ha dado cuenta de que en verdad no se conoce a sí misma.

Por ello, su mejor amiga lo organizará todo para llevarla consigo hasta Irlanda, donde le espera su primer puesto de trabajo en una residencia clínica como enfermera y una habitación de alquiler en una preciosa cottage a los pies de los acantilados de Howth, que compartirá con un joven pescador.

Nadie en el pueblo esperaba que Liam regresara después de tanto tiempo, pero él también se sorprende cuando al llegar se encuentra con que su familia ha metido a una inquilina en su casa.

Mientras Imogen irá descubriéndose poco a poco con su "lista de nuevas experiencias", su misterioso compañero de casa se volcará en ayudarla a conseguir todos sus retos, terminando por poner a prueba los sentimientos de su corazón.

Tres pacientes con mucho que aportar, un club de lectura con algo de magia y una amistad inquebrantable, enseñarán a Imogen que en la vida solo hay que saltar las olas.

"La mejor forma de curar un corazón es rescatar a otro"




Yunjae tiene dieciséis años, está en la edad de las emociones desbordadas, el amor y la rabia. Pero las amígdalas de su cerebro son pequeñas, más pequeñas que una almendra y, como consecuencia, **Yunjae es incapaz de sentir nada.**

**Educado por su madre y su abuela, aprende a identificar las emociones de los demás y a fingir estados de ánimo** para no destacar en un mundo que pronto lo tachará de extraño. «Si tu interlocutor llora, tú entrecierra los ojos, baja la cabeza y dale una suave palmada en la espalda», le dice su madre. Así construye una aparente normalidad que se hace trizas el día en que un psicópata ataca a ambas mujeres en la calle. Desde entonces, Yunjae debe aprender a vivir solo, sin deseo de derramar una lágrima, sin tristeza ni miedo ni felicidad.

A Yunjae le tienden la mano personas improbables: un antiguo amigo de su madre, una chica capaz de romper certezas e incluso un abusón con más afinidad de la esperada. Los tres quebrarán la soledad del protagonista de *Almendra*.

**Una novela breve y lacerante en la que solo la empatía puede llevar a la esperanza.**